



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL BOIRO

Anuncio aprobación definitiva ordenanza fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame

ANUNCIO

EXPTE 1279/2022 APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DEREITOS DE EXAME

Rematado o período de exposición pública do expediente 1279/2022 aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación do Concello de Boiro, en sesión celebrada o día 9 de xuño de 2022, sen que se presentaran reclamacións, enténdese definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, segundo o artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local.

Mediante o presente anuncio procédese á publicación do texto íntegro da da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo e na Lei 7/1985, do 2 de abril.

Texto da íntegro da Ordenanza fiscal:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DEREITOS DE EXAME

Artigo 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, 20 a 27 e 57 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a Taxa por dereitos de exame, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade técnica e administrativa conducente á selección do persoal funcionario e laboral entre quen solicite participar nas correspondentes probas de acceso ou promoción aos Corpos ou Escalas de funcionarios ou ás categorías de persoal laboral convocadas por este Concello. Así mesmo inclúense os procesos de selección relativos á constitución de bolsas de traballo, atópanse ou non suxeitos ao ámbito de aplicación do convenio colectivo para o persoal municipal.

Artigo 3.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da Taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que concorran como aspirantes a concursos, oposicións e concurso-oposicións, de carácter libre ou restrinxido, que convoque o Concello de Boiro, os seus organismos autónomos e as empresas municipais de capital integramente local (no caso de habelas).

Artigo 4.- COTA TRIBUTARIA

GRUPO	CORPO XERAL	CORPO ESPECIAL
A1	28	30
A2	26	28
B	24	26
C1	20	25
C2	17	20
OUTROS SUPOSTOS	13	15

Artigo 5.- BONIFICACIÓNS

4.1. Terán unha bonificación do 100% da cota aquelas persoas que acrediten estar desempregadas (en situación legal de desemprego) por un período superior a 1 mes a contar dende o último día de presentación de instancias.

4.2. Terán unha bonificación do 100% da cota tributaria os titulares de familias numerosas de carácter especial, e dun 50% do cota os titulares de familia numerosa de categoría xeral. Para poder acreditar dita circunstancia coa presentación da instancia débese acompañar copia do título de familia numerosa vivente.

4.3.- Tampouco se esixirá o pago dos dereitos de exame nos casos de procesos de provisión de postos de traballo.

Artigo 6.- DEVINDICACIÓN

A devindicación da taxa producirase no momento da presentación da solicitude de inscrición nas probas selectivas.

Dita solicitude de inscrición non será tramitada ata que non faga efectivo o importe da taxa.

Artigo 7.- LIQUIDACIÓNS E INGRESO

O sistema será a AUTOLIQUIDACIÓN, que deberá presentarse xunto co xustificante de ingreso, coa solicitude de participación no proceso selectivo de que se trate.

A autoliquidación realizarase a través do PORTAL TRIBUTARIO do Concello de Boiro, e será abonada nas oficinas das entidades colaboradoras coa recadación do concello, nas oficinas do concello mediante pago con tarxeta, ou a través da pasarela de pagos que se pon a disposición na páxina web do Concello de Boiro.

Artigo 8.- NORMAS DE XESTIÓN

A falta de pago da Taxa no prazo de admisión das solicitudes, determinará a inadmisión do aspirante ás probas selectivas.

Á solicitude de inscrición haberá de acompañarse, en todo caso, xustificante de ter ingresado o importe da taxa por dereito de exame.

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, a actividade técnica e/ou administrativa que constitúe o feito impoñible da taxa non se realice, procederá a devolución do importe correspondente. Polo tanto, non procederá devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ao interesado.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e demais normas concordantes de réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, e preceptos concordantes da Lei Xeral Tributaria e da Lei Xeral Presupostaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte a publicación desta ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Boiro, a 29 de agosto de 2022

O alcalde-Presidente,

José Romero García

2022/5371